A XUNTA DE GALICIA, defendida e representada polo señor letrado da referida Xunta, Damián Fernando Juanes García, acusou a **Apostolos Ioannis Mangouras, como autor, e a Nikolaos Argyropoulos**, como cooperador necesario, dun delito contra o medio ambiente (arts. 325, 326, 331 e 328 do Código penal, con aplicación dos arts. 338 e 339 do Código penal) e un delito de desobediencia grave e resistencia á autoridade (art. 556 do Código penal), subsidiariamente impútase un delito contra o medio ambiente previsto no art. 331 en relación co art. 326.e do Código penal, subsidiariamente impútase un delito de danos previsto nos arts. 263 e 264 do Código penal e subsidiariamente impútase un delito de danos previsto no art. 267 do Código penal. Solicitou a imposición das seguintes penas: para **Apostolos Ioannis Mangouras** 3 anos de prisión, multa de 24 meses a razón de 90 euros diarios, inhabilitación

especial para o exercicio do dereito de sufraxio pasivo e para o exercicio da súa profesión de mariño e calquera outra relacionada durante 3 anos polo primeiro delito imputado, multa de 9 meses a razón de 90 euros diarios pola modalidade imprudente, se é o caso, daquel delito, e 1 ano de prisión e inhabilitación especial para o exercicio do dereito de sufraxio pasivo durante o tempo da condena polo delito de desobediencia grave; para **Nikolaos Argyropoulos**, con apreciación da circunstancia atenuante do art. 21.1 e 6 do Código penal, 18 meses de prisión, multa de 6 meses a razón de 90 euros diarios, 1 ano e 2 meses de inhabilitación especial para o exercicio da súa profesión de mariño e calquera outra relacionada polo primeiro delito imputado, multa de 6 meses a razón de 90 euros diarios pola modalidade imprudente, se é o caso, daquel delito, e 6 meses de prisión e inhabilitación especial para o exercicio do dereito de sufraxio pasivo durante o tempo da condena polo delito de desobediencia grave. Ademais esíxese responsabilidade civil directa de **Apostolos Ioannis Mangouras e a Nikolaos Argyropoulos** e o FIDAC e responsabilidade civil directa e solidaria de Mare Shipping e The London Steamship Owners Mutual Insurance Association Ltd. (The London P&I), respectando, se é o caso, a posibilidade de repetición noutros ámbitos e a outras persoas, cifrando o importe reclamado en **1.275.458** euros por non ter sido aboado o reciclado de elementos contaminados depositados en SOGARISA.

A Asociación Ecoloxista ARCO IRIS, representada polo procurador señor Louro Piñeiro e defendida polo letrado don Manuel Meiriño, acusa a **Apostolos Ioannis Mangouras e José Luis López-Sors González, como autores, e a Nikolaos Argyropoulos e Ireneo Maloto**, como cooperadores necesarios, dun delito contra o medio ambiente tipificado nos arts. 325 e 326 do Código penal, e ademais a **Apostolos Ioannis Mangouras**, dun delito de desobediencia previsto no art. 556 do referido texto legal. Solicita a imposición das seguintes penas: a **Apostolos Ioannis Mangouras** 7 anos de prisión, 24 meses de multa a razón de 1.500 euros diarios e inhabilitación absoluta para a súa profesión por tres anos polo primeiro delito, e seis meses de prisión máis accesorias legais polo segundo, a **José Luis López-Sors González** catro anos de prisión e 24 meses de multa a razón de 3.000 euros diarios, e a **Nikolaos Argyropoulos e Ireneo Maloto**, catro anos e seis meses de prisión e multa de oito meses a razón de 500 euros

diarios e inhabilitación absoluta de profesión por 1 ano a cada un deles. Ademais esíxese responsabilidade civil cuantificada en 4.328 euros ás compañías aseguradoras comparecidas, á empresa fretadora Crown Resources e ao Estado español.

A entidade NUNCA MÁIS, representada polo procurador señor Leis Espasandín e defendida polo letrado don Pedro Trepas Silva, acusou a **Apostolos Ioannis Mangouras e a José Luis López-Sors González**, como autores dun delito contra os recursos naturais e o medio ambiente dos arts. 325, 326 e 338 do Código penal, e solicitou para **Apostolos Ioannis Mangouras** as penas de cinco anos e seis meses de prisión, multa de 24 meses cunha cota diaria de 50 euros e inhabilitación por catro anos para a súa profesión, e para **José Luis López-Sors González**, as penas de cinco anos e 1 día de prisión, multa de 24 meses cunha cota diaria de 50 euros e inhabilitación por cinco anos para a súa profesión.

O CONCELLO DO GROVE, representado polo procurador señor Leis Espasandín e defendido polo letrado don Pablo J. Lema Lois, acusou a **Apostolos Ioannis Mangouras e a José Luis López-Sors González**, por un delito contra os recursos naturais e o medio ambiente dos arts. 325, 326 e 338 do Código penal, e solicitou para cada un dos acusados as penas de catro anos e un día de prisión, multa de 24 meses cunha cota diaria de 100 euros e inhabilitación por tres anos para a súa profesión.

O CONCELLO DE ARTEIXO, representado polo procurador señor Leis Espasandín e defendido polo letrado don Luis P. Míguez Vázquez, acusou a **Apostolos Ioannis Mangouras, como autor, e a Nikolaos Argyropoulos e Ireneo Maloto, como cooperadores necesarios**, por un delito contra os recursos naturais e o medio ambiente dos arts. 325, 326 e 338 do Código penal, e solicitou para **Apostolos Ioannis Mangouras** as penas de 7 anos de prisión, multa de 24 meses cunha cota diaria de 2.000 euros e accesorias sen especificar e inhabilitación absoluta para a súa profesión por tres anos, e para **Nikolaos Argyropoulos e Ireneo Maloto** as penas de 4 anos e seis meses de prisión e multa de oito meses a razón de 300 euros diarios e inhabilitación absoluta para a súa profesión por un ano; e tamén acusou a **Apostolos Ioannis Mangouras** por un delito de desobediencia do art. 556 do Código penal, solicitando a pena de seis meses de prisión, e accesorias sen especificar. Esíxelles aos acusados

responsabilidade civil sen cuantificar e fai extensiva a reclamación con carácter directo ás entidades aseguradoras comparecidas e con carácter subsidiario á empresa fretadora ERC Trading.

O ESTADO FRANCÉS, representado polo procurador señor Fernández Lestón e defendido polo letrado don Carlos Saiz Díaz, acusou a **Apostolos Ioannis Mangouras, Nikolaos Argyropoulos e Ireneo Maloto** por un delito contra os recursos naturais e o medio ambiente dos arts. 325, 326 e 338 do Código penal, e ademais a **Apostolos Ioannis Mangouras** por un delito de desobediencia do art. 556 do Código penal. Solicitou para **Apostolos Ioannis Mangouras** as penas de 6 anos de prisión, multa de 36 meses cunha cota diaria de 150 euros e inhabilitación especial para a súa profesión por catro anos polo primeiro delito, e a pena de 10 meses de prisión polo segundo, e para **Nikolaos Argyropoulos e Ireneo Maloto** as penas de 5 anos de prisión e multa de 30 meses a razón de 100 euros diarios e inhabilitación especial para a súa profesión por 4 anos. Esixiulles ademais aos acusados responsabilidade civil en contía de **67.500.905,92** euros e fixo extensiva a reclamación con carácter directo á entidade Mare Shipping, The London Steamship Owners Mutual Insurance Association Ltd. (The London P&I) , Universe Maritime e Crown Resources AG (ERC Trading).

OS MUNICIPIOS FRANCESES DE CAPBRETON, LABENNE, LIT-ET-MIXE, MESSANGES, MIMIZAN, MOLIETS-ET-MAA, ONDRES, GASTES, PARENTIS-EN-BORN, SEIGNOSSE, SOORTS-HOSSEGOR, SOUSTONS, TARNOS, VIELLE-SAINT-GIRONS e A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DAS LANDAS, representados polo procurador señor Moledo Guetto e defendidos pola letrada dona Nuria Prieto Palacios, acusaron a **Apostolos Ioannis Mangouras e a José Luis López-Sors González** por un delito contra os recursos naturais e o medio ambiente dos arts. 325, 326 ao 338 do Código penal e un delito de danos imprudentes do art. 267 do referido texto legal, e ademais a **Apostolos Ioannis Mangouras** por un delito de desobediencia do art. 556 do Código penal. Solicitaron para **Apostolos Ioannis Mangouras** as penas de 10 meses de prisión, multa de 9 meses cunha cota diaria de 90 euros e inhabilitación especial para a súa profesión por 1 ano polo primeiro delito, a pena de 9 meses de multa a razón de 90 euros diarios polo segundo e a pena de 6 meses de prisión polo terceiro, e para **José Luis López-Sors González** as penas de 10 meses de prisión e multa de 9 meses a razón de 90 euros

diarios e inhabilitación especial para a súa profesión por 1 ano polo primeiro delito, e a pena de 9 meses de multa a razón de 90 euros diarios polo segundo. Esixíronlles aos acusados responsabilidade civil en contía de **206.676,25** euros para o concello de Capbreton, **52.243,78** euros para o concello de Labenne, **795,42** euros para o concello de Lit-et-Mixe, **147.687,71** euros para o concello de Messanges, **252.651,51** euros para o concello de Mimizan, **46.559,46** euros para o concello de Moliets-et-Maa, **41.116,80** euros para o concello de Ondres, **223,02** euros para o concello de Gastes, **2.529,90** euros para o concello de Parentis-en-Born, **109.929,21** euros para o concello de Saint Julien-en-Born, **6.356,56** euros para o concello de Sainte-Eulalie-en-Born, **277.241,36** euros para o concello de Seignosse, **148.228,67** euros para o concello de Soorts-Hossegor, **52.734,22** euros para o concello de Soustons, **211.795,23** euros para o concello de Tarnos, **195.763,41** euros para o concello de Vielle-Saint-Girons, **34.584,33** euros para o concello de Vieux-Boucau e **736.967,57** euros para a Deputación Provincial das Landas que tamén reclama **2.000.000** de euros por dano ecolóxico. Fixeron extensiva a reclamación con carácter subsidiario á entidade Mare Shipping, The London Steamship Owners Mutual Insurance Association Ltd. (The London P&I), Universe Maritime, FIDAC e ao Estado español.

O CONSELLO XERAL DA VENDÉE e as comunas francesas SOULAC-SUR-MER, CARCANS, LACANAU, ARCAÇON, BIARRITZ, LÈGE-CAP-FERRET E POINTE DU MÉDOC, representados polo procurador señor Martín Guimaraens Martínez e defendidos polo letrado don Carlos Buendía Hontañón, acusaron a **Apostolos Ioannis Mangouras, Nikolaos Argyropoulos, Ireneo Maloto** e a **José Luis López-Sors González** por un delito contra os recursos naturais e o medio ambiente dos arts. 325, 326 e 338 do Código penal, e ademais a **Apostolos Ioannis Mangouras e a Nikolaos Argyropoulos** por un delito de desobediencia do art. 556 do Código penal, e solicitaron: para **Apostolos Ioannis Mangouras e para Nikolaos Argyropoulos** as penas de 4 anos de prisión, multa de 24 meses cunha cota diaria de 300 euros e inhabilitación especial para a súa profesión por tres anos a cada un deles polo primeiro delito, e a pena de 1 ano de prisión polo segundo; para **Ireneo Maloto** as penas de 4 anos de prisión, multa de 24 meses cunha cota diaria de 300 euros e inhabilitación especial para a súa profesión por tres anos; e para **José Luis López-Sors González** as penas de 2 anos de prisión e multa

de 12 meses a razón de 300 euros diarios e inhabilitación especial para a súa profesión por 18 meses. Esixíronlles aos acusados responsabilidade civil na contía de **3.281.799,66** euros, facendo extensiva a reclamación con carácter directo á entidade Mare Shipping, The London Steamship Owners Mutual Insurance Association Ltd. (The London P&I), Universe Maritime, Crown Resources AG e ao FIDAC.

O CONCELLO DE BISCARROSSE, representado polo procurador señor Leis Espasandín e defendido polo letrado don Ángel Sánchez Freire, acusou a **Apostolos Ioannis Mangouras, Nikolaos Argyropoulos, Ireneo Maloto e a José Luis López-Sors González** por un delito contra os recursos naturais e o medio ambiente dos arts. 325, 326 e 338 do Código penal, e ademais a **Apostolos Ioannis Mangouras e a Nikolaos Argyropoulos** por un delito de desobediencia do art. 556 do Código penal. Solicitou para **Apostolos Ioannis Mangouras, Nikolaos Argyropoulos, Ireneo Maloto e José Luis López-Sors González** as penas de 20 meses de prisión, multa de 24 meses cunha cota diaria de 40 euros e inhabilitación especial para a súa profesión por 12 meses a cada un deles polo primeiro delito e, ademais, a **Apostolos Ioannis Mangouras, Nikolaos Argyropoulos**, a pena de 1 ano de prisión polo segundo. Así mesmo esixiulles aos acusados responsabilidade civil en contía de **58.204,67** euros e fixo extensiva a reclamación con carácter directo á entidade The London Steamship Owners Mutual Insurance Association Ltd. (The London P&I) e ao FIDAC, e en concepto de responsables civís subsidiarios ás entidades Universe Maritime, Mare Shipping e ao Estado español.

A ASOCIACIÓN FERROLANA DE EMPRESARIOS Y PROFESIONALES PERJUDICADOS POR LOS DAÑOS DEL BUQUE PRESTIGE, DON VICENTE DOPICO PIÑEIRO Y OTROS, CB, PESCAVILLALBA SL, DON EDUARDO AMENEIRO SIXTO, DON MANUEL ROMALDE RODRÍGUEZ, DEPUROMAR SL, DON JOAQUÍN LÓPEZ LAGO, DON JESÚS SANDE AMENEIROS E DE MARISCOS O PATAQUEIRO SL, representados polo procurador señor Leis Espasandín e defendidos polo letrado don Raúl Meizoso Sardiña, acusaron a **Apostolos Ioannis Mangouras, Nikolaos Argyropoulos, Ireneo Maloto** por un delito contra os recursos naturais e o medio ambiente dos arts. 325, 326 e 338 do Código penal, en concurso ideal cun delito de danos e/ou de danos agravados dos arts. 263 e 264.1.5º do referido texto legal, a **Apostolos Ioannis Mangouras e a Nikolaos**

Argyropoulos por un delito de desobediencia do art. 556 do Código penal, e ademais a **José Luis López-Sors González** por un delito de imprudencia grave. Solicitaron: para **Apostolos Ioannis Mangouras, Ireneo Maloto** e para **Nikolaos Argyropoulos** as penas de 3 anos de prisión, multa de 20 meses cunha cota diaria de 100 euros e inhabilitación especial para a súa profesión por tres anos a cada un deles polo primeiro delito; para **Apostolos Ioannis Mangouras** e para **Nikolaos Argyropoulos** a pena de 9 meses de prisión para cada un deles polo segundo; e para **José Luis López-Sors González** as penas de 1 ano de prisión, 12 meses de multa a razón de 100 euros diarios e inhabilitación especial para profesión e oficio por dous anos. Así mesmo esixíronlles aos acusados responsabilidade civil en contía de **6.752, 87 euros a Vicente Dopico Piñeiro y otros CB, 3.167.776 euros a don Manuel Romalde Rodríguez, 5.018,07 euros a Pescavillalba SL, 5.145 euros a don Eduardo Ameneiro Sixto, 154.745,81 euros a Depuromar SL, 6.159 euros a Joaquín López Lago, 30.000,42 euros a Jesús Sande Ameneiros e 19.210,08 euros a Mariscos O Pataqueiro SL**, facendo extensiva a reclamación con carácter directo á entidade Universe Maritime, ABS, Crown Resources AG, FIDAC e ao Estado español.

AS CONFRARÍAS DE PESCADORES DE PORTOSÍN, CAMARIÑAS, CAIÓN, CAMELLE, CEDEIRA, MUGARDOS, BARALLOBRE, MALPICA, LORBÉ, SADA, MIÑO, CABO DE CRUZ, CARREIRA E AGUIÑO, RIANXO, CARIÑO, PALMEIRA, RIBEIRA, CORME, ARES, CORCUBIÓN, FISTERRA, LAXE, LIRA, MERA, MUROS, MUXÍA, O PINDO, PONTEDEUME, PORTO DO SON, ASOCIACIÓNS DE MARISCADORES DE BALDAIO E ESTEIRO DE ANLLÓNS, CONFRARÍAS DE PESCADORES DE ARCADE, BAIONA, BUEU, CAMBADOS, CARRIL, LOURIZÁN, MOAÑA, RAXÓ, SANXENXO, VILANOVA, VILAXOÁN, A GUARDA, SANTA MARÍA DO PORTO DE MARÍN, SAN ROQUE DE PORTONOVO, SAN XOÁN DE REDONDELA, SAN TELMO DE PONTEVEDRA, SAN VICENTE DE LA BARQUERA, SANTO CRISTO DEL AMPARO DE COMILLAS, NOBLE CABILDO DE SAN ANDRÉS E DE SAN PEDRO DE CASTRO URDIALES, NUESTRA SEÑORA DEL PUERTO DE SANTOÑA, SANTANDER, NUESTRA SEÑORA DEL CARMEN DE SUANCES, SAN GINÉS DE COLINDRES, SAN MARTÍN DE LAREDO E A FEDERACIÓN PROVINCIAL DE COFRADÍAS DE PESCADORES DE CANTABRIA, representados pola procuradora señora Graíño Ordóñez e defendidas polos letrados don Ramón Sabín Sabín e dona Manuela Ramil Martínez, acusaron a

Apostolos Ioannis Mangouras, Nikolaos Argyropoulos e Irene Maloto por un delito contra os recursos naturais e o medio ambiente dos arts. 325, 326 e 338 do Código penal, e por un delito de desobediencia do art. 556 do Código penal. Solicitaron para cada un deles as penas de 8 anos de prisión, multa de 42 meses cunha cota diaria de 300 euros e inhabilitación especial para a súa profesión por 6 anos polo primeiro delito, e a pena de 1 ano de prisión para cada un deles polo segundo. Así mesmo esixíronlles aos acusados responsabilidade civil en contía non precisada, facendo extensiva a reclamación con carácter directo á entidade The London Steamship Owners Mutual Insurance Association Ltd. (The London P&I) e ao FIDAC, e en concepto de responsables civís subsidiarios á entidade Mare Shipping.

A COFRADÍA DE PESCADORES SANTO ÁNGEL DE LA GUARDA DE VIAVÉLEZ DE ASTURIAS, representada pola procuradora señora Graíño Ordóñez e defendida polos letrados Ramón Sabín Sabín e Manuela Ramil Martínez, acusou a **Apostolos Ioannis Mangouras, Nikolaos Argyropoulos e Irene Maloto** por un delito contra os recursos naturais e o medio ambiente dos arts. 325, 326 e 338 do Código penal, e por un delito de desobediencia do art. 556 do Código penal. Solicitaron para cada un deles as penas de 8 anos de prisión, multa de 42 meses cunha cota diaria de 300 euros e inhabilitación especial para a súa profesión por 6 anos polo primeiro delito, e a pena de 1 ano de prisión para cada un deles polo segundo. Así mesmo esixíronlles aos acusados responsabilidade civil en contía non precisada, facendo extensiva a reclamación con carácter directo á entidade The London Steamship Owners Mutual Insurance Association Ltd. (The London P&I) e ao FIDAC, e en concepto de responsables civís subsidiarios á entidade Mare Shipping.

A COFRADÍA DE PESCADORES DE SANTA MARÍA DE SÁDABA DE LASTRES e A CONFRARÍA DE PESCADORES DA POBRA DO CARAMIÑAL E OUTROS, representadas pola procuradora señora Ramos Picalloi e defendida polo letrado don Alberto Muñoz Rodríguez, acusaron a **Apostolos Ioannis Mangouras, Nikolaos Argyropoulos, Irene Maloto e José Luis López-Sors González** por un delito contra os recursos naturais e o medio ambiente dos arts. 325, 330, 331 e 338 do Código penal, e por un delito de danos imprudentes do art. 267 do Código penal. Solicitaron para cada un deles as penas de 20 meses de prisión, multa de 14 meses cunha cota diaria de 300 euros e

inhabilitación especial para a súa profesión por 3 anos polo primeiro delito, alternativamente ás penas de 2 anos de prisión e multa de 12 meses, fixando a cota diaria en 200 euros polo primeiro delito e a pena de multa de 9 meses, fixando a cota diaria en 100 euros polo outro delito imputado e 1 ano de prisión para cada un deles polo segundo. Ademais esixiron aos acusados responsabilidade civil en contía de 55.295,20 euros á Cofradía de Pescadores de Lastres e os seus asociados, 2.374,44 euros a Aires del Alba CB, 4.503,71 euros a Alkartasuna CB, 1.300,72 euros a Rogelia Álvarez Olivar, 2.347 euros a Luis Antonio Braña Fontán, 2.347 euros a Manuel Braña Victorero, 2.347 euros a Ángel Busta Victorero, 2.456, 43 euros a Cabo Lastres CB, 2.347 euros a Luis Enrique Carrandi Bárcenas, 2.347 euros a cada unha das seguintes persoas e entidades: Carlos Miguel Martínez Olivar, José Manuel Costales Obaya, Laureano Alb. Cubiella Villar, Ovidiu Dascal Tudor, El ratonero CB, Carlos Julián Fernández Pendás, José María Fernández Marcilla, Manuel Alfonso Fernández Marcilla, Jaime Fernández Pendás, Florida CB, María Antonia Gallego Busta, Silverio Alonso Gancedo Capellán, Joaquín Bernar González Suárez, Eugenio González Granda, José Manuel González Granda, Sacramento Granda Cubiella, Luis Jesús Joglar Rodríguez, José Ramón Martínez Olivar, Kresal Gane CB, Ángel Llera Estrada, Bernardino Llera Victorero, Honorio Alfonso Llera Suárez, Emilio Llera Suárez, Pedro Santos Llera Menéndez, Carlos Luís Manso Menéndez, Isabel Martínez Fernández, Francisco Jesús Menéndez Busta, José Javier Menéndez Busta, José Ángel Menéndez Caravia, Juan Manuel Menéndez de la Torre, Pedro Luis Menéndez de la Torre, Anselmo Montoto García, Manuel Ignacio Montoto García, Miguel Ángel Montoto González, Pedro Luis Olivar Rodríguez, José Manuel Pérez Joglar, Jacinto Julio Rodríguez Suárez, Alberto Rodríguez Busta, José Aurelio Rodríguez Rodríguez, Gustavo Adolfo Rodríguez Menéndez, Juan José Rodríguez Rebollar, José María Roza Álvarez, Manuel Ángel Roza Álvarez, Juan Carlos Roza Álvarez, Roberto Ulises Vallina Menéndez, Ignacio Victorero Conlledo, Jesús Victorero Menéndez, Pedro Luis Victorero Conlledo, Raimundo Villar Suárez, 2.821,94 euros a Vulcano CB, 5.956 euros a Pesca Lastres SL, 6.264,29 euros tamén a Pesca Lastres SL, 2.495,71 euros a Ribera del Sella CB, 2.352,24 a Semana Santa CB, 4.580 euros a Juan Luis García López, 1.800 euros a Ramona Castro Castelo, 1.800 euros a Benedicta Vidal González, 1.800 euros a Isidoro Vidal González, 4.580 euros a David Oubiña Garea, José Ángel Casais Fernández e a Gerardo García Iglesias,

3.280 euros a José Manuel Dios Reboiras, 2.200 euros a Manuel Martínez Saa, 3.800 euros a Nicolás Covelo Casal, 2.260 euros a Felipe Barbosa Currás, 4.580 euros a José Iglesias Acuña, 3.250 euros a Eduardo Iglesias Blanco, 4.580 euros a Ana Miranda Pastoriza, 1.600 euros para cada unha das redeiras de Cangas do Morrazo chamadas M^a Isabel Graña García, Concepción Segunda Fandiño Docio, Aurora Nogueira Díaz, Aurora Parceró Fernández, M^a Ángeles Martínez Parceró, M^a del Carmen Vilariño Sotelo, M^a Luz Soliño Monroy, M^a Carmen Parceró Molanes, Rosa M^a Costas Santos, Elsa Parceró Boubeta, M^a Teresa Santos Malvido, M^a Teresa Martínez Parceró, Consuelo Gómez Malvido, Manola Bamio Fernández, 2.800 euros para Manuel Pardavila Enríquez, 1.800 euros para Ana M^a Bacelar García, Rosa Chamadoira Pregones, Josefa Fernández Morgade, Rolindes Vargas Brotons e Berta Penas Vilas, 1.900 euros para cada unha das comercializadoras da praza de abastos de Cangas chamadas Carmen Portela Rodríguez, Isabel Lagoa Lorenzo, Margarita Áurea Cordeiro Fernández, Eugenia Fernández Lorenzo, Jesús Bermúdez Herbello, Irene Santos Fonseca, Dolores Malvido García, Josefa Lorenzo García, Rebeca Rodríguez González, Consuelo Pastoriza Portela, Ana Martínez Vidal, Josefa Malvido Lagoa, M^a Isabel Loveira Cerviño, Basilisa Germade Chapela, María Fontán Broullón, 6.450 euros para José Manuel González Veiga, 9.480 euros para Wenceslao Abella Chouciño, 3.480 euros para César Calo Albores, 4.580 euros para León Carneiro Pereira, 1.800 euros para Alba Nieves Rial García e 6.260 euros para Evaristo Bermúdez Tajés, ademais de formalizar reclamacións sen cuantificar José Ángel Bugallo Feijoo, Juan G. Bermúdez Herbello, Ángel Manuel Núñez Cancelas e José Luis López Sobral, facendo extensiva a reclamación con carácter directo á entidade The London Steamship Owners Mutual Insurance Association Ltd. (The London P&I), ao FIDAC, á entidade Mare Shipping e ao Estado español.

A CONFRARÍA DE PESCADORES SAN BARTOLOMÉ DE NOIA, representada polo procurador señor Leis Espasandín e defendida polo letrado don Francisco Iglesias Gandarela, acusou a **Apostolos Ioannis Mangouras, Nikolaos Argyropoulos, Ireneo Maloto e José Luis López-Sors González** por un delito contra os recursos naturais e o medio ambiente dos arts. 325, 330 e 331 do Código penal, e por un delito de danos imprudentes do art. 267 do Código penal, e solicitou para cada un deles as penas de 4

anos de prisión, multa de 20 meses cunha cota diaria de 50 euros e inhabilitación especial para a súa profesión por 3 anos polo primeiro delito, alternativamente ás penas de 4 anos e 6 meses de prisión e multa de 12 meses, fixando a cota diaria en 50 euros polo primeiro delito e a pena de multa de 9 meses, fixando a cota diaria en 50 euros polo outro delito imputado, sen formalizar ningunha petición en materia de responsabilidade civil.

MERCEDES AGRASO VARA, MARÍA ARGIBAY ZÚÑIGA, EUGENIA CAAMAÑO ROMERO, ANA MARÍA CAAMAÑO ROMERO, M^a MERCEDES CALVO FIGUEIRA E SEU ESPOSO JOSÉ MANUEL AGEITOS SOUTO, MARÍA CASTAÑO CASTAÑO, JUAN DE LA FUENTE QUINTÁNS, JOSÉ FERNANDO FREIRE VIEITES, M^a CELIA GARCÍA MARTELO, MARÍA IGLESIAS IGLESIAS, M^a ISABEL AMADO TAGES, ANTONIO BRAVO PEÓN, JULIO EIRAS FERNÁNDEZ, RAMÓN LEIS MUÍÑOS, M^a DOLORES MARTÍNEZ PAIS, M^a DEL CARMEN FERNÁNDEZ MARTÍNEZ, ROSENDO DOMÍNGUEZ BARREIRO, JOSEFINA CASTRO LOJO, M^a LUISA CREO JUANATEY, MANUEL FERRADAS MARTÍNEZ, ROSAURA GARCÍA FROJÁN, ROSA M^a LESTÓN IGLESIAS, SILVIA LESTÓN LADO, M^a DEL PILAR LOURIDO COIRADAS, M^a LUISA MARTÍNEZ PENSADO, JUAN JESÚS LOURIDO SANDE, JOSÉ AVELINO NÚÑEZ CASTRO, JOSÉ MANUEL NINE NÚÑEZ, JESÚS VARELA CORBELLE, CARMEN OTERO ROMERO, AURORA ROMERO GARCÍA, ROSA M^a VIDAL VIDAL, ROSALINO PEDROSA FREIRE, ÓSCAR RODRÍGUEZ TOREA, MANUELA RODRÍGUEZ CASTELO, JOSÉ LUIS CAMPOS LUHÍA, BEATRIZ ROO RODRÍGUEZ, M^a DEL PILAR LIÑARES COBAS, M^a DEL CARMEN ROMANÍ BAÑA, JUAN INSUA HORTA, M^a DEL CARMEN AGRASO ROMERO, CARMEN DOLORES AGRASO VARA, PRUDENCIO CALVO MAYÁN, JOSÉ ANTONIO LAGO LÓPEZ, M^a DEL ROCÍO NÚÑEZ NÚÑEZ, M^a DE LOS ÁNGELES OTERO GIAO, CARMEN RODRÍGUEZ VÁZQUEZ, M^a GLORIA SANTIAGO REY, CASTOR MARTÍNEZ GUDE, MANUEL RAMÓN DOMÍNGUEZ BARREIRO, ROSA M^a LAGO AMADO, JESÚS LOURO ORTEGA, M^a DE LAS MERCEDES CALVO FIGUEIRA, CARMEN GARCÍA CERNADAS, JOSÉ MANUEL HERMIDA FERREIRA, DOMINGO MANUEL LAGO VÁZQUEZ e SANTIAGO LIRES PEREIRA, representados polo procurador señor Gómez Castro e defendidos polo letrado don Francisco Iglesias Gandarela, acusaron a **Apostolos Ioannis Mangouras, Nikolaos Argyropoulos, Ireneo Maloto e José Luis López-Sors González** por un delito contra os recursos naturais e o medio ambiente dos arts. 325, 330 e 331 do Código penal e por

un delito de danos imprudentes do art. 267 do Código penal. Solicitaron para cada un deles as penas de 20 meses de prisión, multa de 14 meses cunha cota diaria de 200 euros e inhabilitación especial para a súa profesión por 3 anos polo primeiro delito, alternativamente ás penas de 2 anos de prisión e multa de 12 meses, fixando a cota diaria en 200 euros polo primeiro delito e a pena de multa de 9 meses, fixando a cota diaria en 100 euros polo outro delito imputado, esixindo responsabilidade civil aos acusados. Solicitaron en concreto para MERCEDES AGRASO VARA, en nome de JOSÉ FAUSTINO SIEIRA FILGUEIRA e de MARCOS SIEIRA AGRASO, 69.502 euros para cada un deles, 59.337,32 euros para MARÍA ARGIBAY ZÚÑIGA, EUGENIA CAAMAÑO ROMERO, ANA MARÍA CAAMAÑO ROMERO, M^a MERCEDES CALVO FIGUEIRA E O SEU ESPOSO JOSÉ MANUEL AGEITOS SOUTO, MARÍA CASTAÑO CASTAÑO, JOSEFINA CASTRO LOJO, M^a LUISA CREO JUANATEY, ROSA M^a LESTÓN IGLESIAS, SILVIA LESTÓN LADO, M^a LUISA MARTÍNEZ PENSADO, CARMEN OTERO ROMERO, ROSA M^a VIDAL VIDAL, MANUELA RODRÍGUEZ CASTELO, M^a DEL CARMEN ROMANÍ BAÑA, M^a DEL CARMEN AGRASO ROMERO, CARMEN DOLORES AGRASO VARA, M^a DE LOS ÁNGELES OTERO GIAO, CARMEN RODRÍGUEZ VÁZQUEZ, ROSA M^a LAGO AMADO e M^a DAS MERCEDES CALVO FIGUEIRA, 69.502,5 euros para JUAN DE LA FUENTE QUINTÁNS, JOSÉ FERNANDO FREIRE VIEITES, M^a CELIA GARCÍA MARTELO, MARÍA IGLESIAS IGLESIAS, M^a DOLORES MARTÍNEZ PAIS, ROSENDO DOMÍNGUEZ BARREIRO, MANUEL FERRADAS MARTÍNEZ, M^a DEL PILAR LOURIDO COIRADAS, JOSÉ AVELINO NÚÑEZ CASTRO, JOSÉ MANUEL NINE NÚÑEZ, JESÚS VARELA CORBELLE, ROSALINO PEDROSA FREIRE, ÓSCAR RODRÍGUEZ TOREA, BEATRIZ ROO RODRÍGUEZ, JUAN INSUA HORTA, PRUDENCIO CALVO MAYÁN, JOSÉ ANTONIO LAGO LÓPEZ, CÁSTOR MARTÍNEZ GUDE, MANUEL RAMÓN DOMÍNGUEZ BARREIRO, JESÚS LOURO ORTEGA e M^a DE LAS MERCEDES CALVO FIGUEIRA PARA O SEU ESPOSO JOSÉ MANUEL AGEITOS SOUTO, 2.400 euros para M^a ISABEL AMADO TAGES, ANTONIO BRAVO PEÓN, JULIO EIRAS FERNÁNDEZ, RAMÓN LEIS MOLINOS, M^a DEL CARMEN FERNÁNDEZ MARTÍNEZ, ROSAURA GARCÍA FROJÁN, JUAN JESÚS LOURIDO SANDE, AURORA ROMERO GARCÍA, M^a DEL PILAR LIÑARES COBAS, M^a DEL ROCÍO NÚÑEZ NÚÑEZ, M^a GLORIA SANTIAGO REY, CARMEN GARCÍA CERNADAS, JOSÉ MANUEL HERMIDA FERREIRA, DOMINGO MANUEL LAGO VÁZQUEZ e SANTIAGO LIRES PEREIRA e 50.000 euros para JOSÉ LUIS CAMPOS LUHÍA, facendo extensiva a reclamación con carácter directo á entidade The London Steamship Owners Mutual

Insurance Association Ltd. (The London P&I), ao FIDAC, á entidade Mare Shipping e ao Estado español.

LOXANET DIRECTO SL, ECOLONJAS SL, LONJA SUR SL E LONJACARNE SL, representadas polo procurador señor Sánchez González e defendidas polo letrado don Javier Sanz Fernández, renunciaron ao exercicio das accións penais, retirando as súas acusacións pero exercitando como actores civís as correspondentes accións civís nos termos xa anunciados consistentes en esixir a **Apostolos Ioannis Mangouras, Nikolaos Argyropoulos e Ireneo Maloto** responsabilidade civil, en concreto solicitando que se indemnice a LOXANET DIRECTO SL na suma de 1.147.226 euros, ECOLONJAS SL na suma de 427.036 euros, LONJA SUR SL na suma de 72.000 euros e a LONJACARNE SL na suma de 72.000 euros, facendo extensiva a reclamación con carácter directo á entidade The London Steamship Owners Mutual Insurance Association Ltd. (The London P&I) á entidade Universe Maritime Ltd. e ao fretador Crown Resources AG.

FRIGORÍFICOS RIBADEO e EMEMASA SA (folios 88.645, 88.697 e 95.493), representados polo procurador señor Leis Espasandín e defendidos polo letrado don Félix Suárez Mira, acusaron a **Apostolos Ioannis Mangouras, Nikolaos Argyropoulos e José Luis López-Sors González** por un delito contra o medio ambiente dos arts. 325, 326 e e 338 en relación cun delito de danos dos arts. 266,263 e 264, todos eles do Código penal, e alternativamente por un delito de imprudencia grave en relación cos recursos materiais e o medio ambiente, previsto no art. 331 en relación cos arts. 325 e 326 e, todos eles do Código penal, e a **Apostolos Ioannis Mangouras e Nikolaos Argyropoulos** por un delito de desobediencia do art. 556 do Código penal. Solicitaron para cada un deles as penas de 4 anos de prisión, 24 meses de multa cunha cota diaria de 50 euros e inhabilitación especial por 3 anos para a súa profesión e oficio, polo primeiro delito, as penas de 23 meses de prisión, multa de 24 meses cunha cota diaria de 30 euros e inhabilitación especial para a súa profesión por 2 anos polo delito imputado alternativamente e a pena de 6 meses de prisión para cada un deles polo segundo. Esixíronlles aos acusados responsabilidade civil, en concreto solicitando que se indemnice a FRIGORÍFICOS DE RIBADEO SL na cantidade de 1.370.294,79 euros e á entidade EMEMASA SA na suma de 26.904.030,91 euros, facendo extensiva a reclamación con carácter directo á entidade The London Steamship Owners Mutual

Insurance Association Ltd. (The London P&I) e ao FIDAC e con carácter subsidiario ás entidades Universe Maritime Ltd. e Mare Shipping Inc. e mais ao Estado español e a Administración pública española.

MARISCOS Y PESCADOS CATOIRA SL, representada polo procurador señor Reyes Paz e defendida pola letrada dona Carmen Maceiras Neira, acusou a **Apostolos Ioannis Mangouras, Nikolaos Argyropoulos e Ireneo Maloto** por un delito contra os recursos naturais e o medio ambiente dos arts. 325 e 326 e do Código penal e por un delito de desobediencia do art. 556 do Código penal, e a **José Luis López-Sors González** por un delito de imprudencia grave en relación cos recursos naturais e o medio ambiente, previsto no art. 331 en relación cos arts. 325 e 326 e, todos eles do Código penal. Solicita para cada un deles as penas de 6 meses de prisión, multa de 8 meses e inhabilitación especial para a súa profesión por 1 ano polo primeiro delito, a pena de 1 ano, 6 meses de prisión para cada un deles polo segundo e 2 anos de prisión, 12 meses de multa, fixando a cota diaria en 300 euros, e inhabilitación para o exercicio da profesión por 18 meses polo terceiro. Esíxelles aos acusados responsabilidade civil, en concreto solicitando que se indemnice a MARISCOS Y PESCADOS CATOIRA SL na suma de 1.207.296,48 euros. Fai extensiva a reclamación con carácter directo á entidade The London Steamship Owners Mutual Insurance Association Ltd. (The London P&I) e o fretador Crown Resources AG (posteriormente ERC Trading) e con carácter subsidiario ás entidades Universe Maritime Ltd., Mare Shipping Inc. e ABS e ao Estado español.

A SOCIEDADE COOPERATIVA LIMITADA RÍA DE AROSA (folios 88.691 e 95.780), representada polo procurador señor Lousa Gayoso e defendida polo letrado don Rubén Fernández López, acusou a **Apostolos Ioannis Mangouras, Nikolaos Argyropoulos e José Luis López-Sors González** por un delito contra os recursos naturais e o medio ambiente dos arts. 325 e 326 e, e alternativamente dun delito do art. 331 do Código penal en relación cos arts. 325, 326 e, 338 e 267 do mesmo texto legal e un delito de desobediencia e resistencia do art. 556 do referido Código penal. Solicitou para cada un deles as penas de 4 anos de prisión, multa de 24 meses con cota diaria de 50 euros e inhabilitación especial para a súa profesión por 3 anos, e solicitou alternativamente as penas de 23 meses de prisión, 24 meses de multa, fixando a cota diaria en 30 euros e inhabilitación especial para a súa profesión por 2 anos, e para

Apostolos Ioannis Mangouras e Nikolaos Argyropoulos polo delito de desobediencia e resistencia a pena de seis meses de prisión para cada un deles. Así mesmo esixíulles aos acusados responsabilidade civil, en concreto solicitando que se indemnice á SOCIEDADE COOPERATIVA RÍA DE AROSA na cantidade de 162.374,10 euros, facendo extensiva a reclamación con carácter directo á entidade The London Steamship Owners Mutual Insurance Association Ltd. (The London P&I) e o FIDAC, e con carácter subsidiario á entidade Mare Shipping Inc. e ao Estado español, con expresa reserva de accións para o seu exercicio fronte a Universe Maritime Ltd.

ARRASTREROS DEL BARBANZA SA, CAMPO EDER SL, JOSÉ GONZÁLEZ QUEIRUGA, HEPERMAR SL, JUAN PÉREZ PÉREZ, PESCADOS OUBIÑA PÉREZ SL, PESCAROSA SA, PESQUERA AMPAJO SL, PESQUERA JOPITOS SL, PESQUERA LAGA SL, PESQUERÍAS BORRAXEIRO SA, PORVENIR CUARTO SL e FRIGORÍFICOS EXPORTADORES SA, representados polo procurador señor Lage Fernández Cervera e defendidos polo letrado don Álvaro Martínez García, acusaron a **Apostolos Ioannis Mangouras**, por un delito contra os recursos naturais e o medio ambiente, previsto nos arts. 325 e 338 do Código penal. Solicitaron que se impuxesen as penas de 4 anos de prisión, multa de 24 meses e inhabilitación especial para a súa profesión por 3 anos. Así mesmo esixíronlle responsabilidade civil, en concreto solicitando que se indemnice a ARRASTREROS DEL BARBANZA SA en 2.340,48 euros, CAMPO EDER SL en 3.185,11 euros, JOSÉ GONZÁLEZ QUEIRUGA en 499,35 euros, HEPERMAR SL 5.420,10 euros, JUAN PÉREZ PÉREZ en 5.141,97 euros, PESCADOS OUBIÑA PÉREZ SL en 38.291,01 euros, PESCAROSA SA en 5.766,42 euros, PESQUERA ANPAJO SL en 9.826,6 euros, PESQUERA JOPITOS SL en 55.516 euros, PESQUERA LAGA SL en 14.278,69 euros, PESQUERÍAS BORRAXEIRO SA en 4.123,06 euros, PORVENIR CUARTO SL en 1.096,17 euros e FRIGORÍFICOS EXPORTADORES SA en 28.946,65 euros, máis 1.233.794 euros polos dereitos indemnizatorios adquiridos de CONGELADORA CORUÑESA.

AS ENTIDADES PESCADOS RUBÉN SA (folios 88.785 e 95.697), ARRETXU SA (folios 88.798 e 95.684), COOPERATIVA DEL MAR SAN MIGUEL DE MARÍN (folios 88.824 e 95.658), MUTUA DE RIESGO MARÍTIMO, SOCIEDAD DE SEGUROS A PRIMA FIJA, MURIMAR (folios 88.850 e 95.619), ANDREKALA SA (folios 88.929 e 95.671), representados polo procurador señor Sánchez González e defendidos polo letrado don

Juan Pablo Lerena Roca, acusaron a **Apostolos Ioannis Mangouras, Nikolaos Argyropoulos, Ireneo Maloto e José Luis López-Sors González** por un delito contra os recursos naturais e o medio ambiente dos arts. 325 e 326 e e 331 do Código penal, e a **Apostolos Ioannis Mangouras, Nikolaos Argyropoulos e Ireneo Maloto** por un delito de desobediencia previsto e penado no art. 556 do Código penal. Solicitaron para **Apostolos Ioannis Mangouras, Nikolaos Argyropoulos, Ireneo Maloto e José Luis López-Sors González** as penas de 6 meses de prisión, multa de 8 meses a razón de 12 euros diarios e inhabilitación especial para a súa profesión por 1 ano para cada un deles, e polo delito de desobediencia para **Apostolos Ioannis Mangouras, Nikolaos Argyropoulos e Ireneo Maloto** as penas de 6 meses de prisión, ademais da accesoria en todas as penas de prisión de inhabilitación especial para o dereito de sufraxio pasivo durante o tempo da condena. Esixíronlles aos acusados responsabilidade civil, en concreto solicitando que se indemnice a ANDREKALA SA na cantidade de 383.294,72 euros, a PESCADOS RUBÉN SL na cantidade de 512.176 euros, a ARRETXU SA na cantidade de 412.076,67 euros, a MUTUA DE RIESGO MARÍTIMO, SOCIEDAD DE SEGUROS A PRIMA FIJA e MURIMAR na cantidade de 244.131,58 euros e a COOPERATIVA DEL MAR SAN MIGUEL DE MARÍN na cantidade de 287.141,25 euros. Fixeron extensiva a reclamación con carácter directo á entidade The London Steamship Owners Mutual Insurance Association Ltd. (The London P&I) e o FIDAC, e con carácter subsidiario ás entidades Universe Maritime Ltd. e Mare Shipping Inc. e mais ao Estado español.

CRUSTÁCEOS Y MOLUSCOS SA (folios 89.044 e 96.038), representada polo procurador señor Leis Espasandín e defendida pola letrada dona Carmen Tarrón Couto, acusou a **Apostolos Ioannis Mangouras, Nikolaos Argyropoulos, Ireneo Maloto e a José Luis López-Sors González** por un delito contra os recursos naturais e o medio ambiente dos arts. 325 e 326 e, un delito de imprudencia grave do art. 331 do Código penal en relación cos arts. 325, 267, 326 e e 338 do mesmo texto legal e un delito de desobediencia do art. 556 en relación co art. 326.b do mesmo Código penal. Solicitou, polo delito de imprudencia grave, para **Apostolos Ioannis Mangouras, Nikolaos Argyropoulos, Ireneo Maloto e José Luis López-Sors González** as penas de 23 meses de prisión, multa de 24 meses a razón de 30 euros diarios e inhabilitación especial para

a súa profesión por 2 anos para cada un deles, polo delito contra os recursos naturais e o medio ambiente, para **Apostolos Ioannis Mangouras, Nikolaos Argyropoulos e Ireneo Maloto** a pena de 4 anos de prisión para cada un deles e, polo delito de desobediencia, para **Apostolos Ioannis Mangouras, Nikolaos Argyropoulos e Ireneo Maloto** as penas de 1 ano e 6 meses de prisión, ademais da accesoria en todas as penas de prisión de inhabilitación especial para o dereito de sufraxio pasivo durante o tempo da condena. Esixiulles aos acusados responsabilidade civil, en concreto solicitando que se indemnice a CRUSTÁCEOS Y MOLUSCOS SA na cantidade de 387.518,64 euros, facendo extensiva a reclamación con carácter directo á entidade The London Steamship Owners Mutual Insurance Association Ltd. (The London P&I) e o FIDAC, e con carácter subsidiario ás entidades Universe Maritime Ltd. e Mare Shipping Inc. e mais ao Estado español.

PACO MOINELO SL (folios 89.051 e 96.357), representada polo procurador señor Leis Espasandín e defendida pola letrada dona Carmen Fernández Soto, acusou a **Apostolos Ioannis Mangouras, Nikolaos Argyropoulos, Ireneo Maloto e José Luis López-Sors González** por un delito contra os recursos materiais e o medio ambiente dos arts. 325 e 326 e, imputando a José Luis López-Sors González na súa modalidade imprudente e a **Apostolos Ioannis Mangouras e Nikolaos Argyropoulos** un delito de desobediencia do art. 556. Solicitou, polo delito contra os recursos naturais e o medio ambiente, para **Apostolos Ioannis Mangouras, Nikolaos Argyropoulos, Ireneo Maloto e José Luis López-Sors González** a pena de 6 anos de prisión para cada un deles, e, polo delito de desobediencia, para **Apostolos Ioannis Mangouras e Nikolaos Argyropoulos** as penas de 1 ano de prisión para cada un deles, ademais da accesoria en todas as penas de prisión de inhabilitación especial para o dereito de sufraxio pasivo durante o tempo da condena. Esixiulles aos acusados responsabilidade civil, en concreto solicitando que se indemnice a PACO MOINELO SA na cantidade de 535.560,41 euros, facendo extensiva a reclamación con carácter directo á entidade FIDAC e ao Estado español e, con carácter subsidiario, ás entidades Universe Maritime Ltd. e Mare Shipping Inc.

REMAGRO SA, RECURSOS MARINOS ASTURIANOS (REMASTUR), ISLA VIONTA SL, CULTIVOS MARINOS DE VILANOVA SL, LUIS ROSALES SA, MARISCOS RÍA DE VIGO SL,

BENITO FERNÁNDEZ E HIJOS SA, AMEIXA DE CARRIL SL, MARISCOS LAGO SL, PESCADOS MARCELINO SL, MARISCOS CHAPARRITO SL, INDUSTRIAL DEPURADORA DE MOLUSCOS DE MELOJO SA (INDEMOSA), VENGARCO SL, PUNTA SINAS SL, BARLOVENTO SA e TAPIDINOS SL (folios 89.072 e 96.190), representadas polo procurador señor Lado Fernández e defendidas polo letrado don Juan Areses Trapote, acusaron a **José Luis López-Sors González** por un delito de imprudencia grave previsto nos arts. 325, 326 e 331 do Código penal, a **Apostolos Ioannis Mangouras, Nikolaos Argyropoulos e Ireneo Maloto** por un delito contra os recursos naturais e o medio ambiente dos arts. 325 ao 326 e e a **Apostolos Ioannis Mangouras, Nikolaos Argyropoulos e Ireneo Maloto** por un delito de desobediencia do art. 556. Solicitan, polo delito contra os recursos naturais e o medio ambiente, para **Apostolos Ioannis Mangouras, Nikolaos Argyropoulos e Ireneo Maloto** a pena de 3 anos de prisión, 16 meses de multa a razón de 12 euros diarios e 2 anos de inhabilitación para a súa profesión para cada un deles, polo delito de imprudencia grave para **José Luis López-Sors González** as penas de 2 anos de prisión, 16 meses de multa a razón de 12 euros diarios e 2 anos de inhabilitación para a súa profesión para cada un deles, e, polo delito de desobediencia, para **Apostolos Ioannis Mangouras e Nikolaos Argyropoulos**, as penas de 9 meses de prisión para cada un deles, ademais da accesoria en todas as penas de prisión de inhabilitación especial para o dereito de sufraxio pasivo durante o tempo da condena. Esíxenlles aos acusados responsabilidade civil, en concreto solicitando que se indemnice, actualizando a débeda de valor ao 10 de maio de 2010, nas seguintes cantidades: a REMAGRO SA 5.948.067,51 euros, a RECURSOS MARINOS ASTURIANOS (REMASTUR) 892.558,67 euros, a ISLA VIONTA SL 641.532,37 euros, a CULTIVOS MARINOS DE VILANOVA SL 127.904,28 euros, a LUIS ROSALES SA 349.755,66 euros, a MARISCOS RÍA DE VIGO SL 221.860,26 euros, a BENITO FERNANDEZ E HIJOS SA 252.346,59 euros, a AMEIXA DE CARRIL SL 296.426,69 euros, a MARISCOS LAGO SL 311.471,72 euros, a PESCADOS MARCELINO SL 244.503,51 euros, a MARISCOS CHAPARRITO SL 4.176,34 euros, a INDUSTRIAL DEPURADORA DE MOLUSCOS DE MELOJO SA (INDEMOSA) 132.241,40 euros, a VENGARCO SL 119.325,69 euros, a PUNTA SINAS SL 157.644,79 euros, a BARLOVENTO SA 738.061,77 euros e a TAPIDINOS SL 452.227,34 euros. Fan extensiva a reclamación, con carácter subsidiario, ao Estado

español e ás entidades FIDAC, Universe Maritime Ltd., Mare Shipping Inc., ERC Trading e The London Steamship Owners Mutual Insurance Association Ltd. (The London P&I).

ALQUISADA SL, M^a LUISA TOBA PENSADO, MEXIPOR CRIAÇÃO E COMÉRCIO DE MOLUSCOS SL, ENVASES DE GALICIA SA, CONCELLO DA ILLA DE AROUSA, CONSELLO REGULADOR DA DENOMINACIÓN DE ORIXE "MEXILLÓN DE GALICIA", CULTIVOS Y MARISCOS PUENTE DEL PASAJE SL, FRANCISCO CARIDAD CARIDAD E HIJOS CB (DON FRANCISCO CARIDAD CARIDAD, DON FRANCISCO JOSÉ CARIDAD YÁÑEZ e DON EDUARDO ALFONSO CARIDAD YÁÑEZ), LUSO-HISPANA DE ACUICULTURA SL, ISIDRO DE LA CAL FRESCO SA, CALTRÁN SA, PASTEURIZADOS DEL MAR SL, DON JOSÉ LUIS CASTRILLÓN MARTÍNEZ, DON MANUEL PÉREZ CASTRILLÓN CAÑAL Y OTRO SC, MARISCOS RÍA DE FERROL SL, GRANJAS MARINAS LA PALMA SL, MARISCOS Y PESCADOS SANDE SL, INSUAMAR SL, ÁNGEL MARÍA OTAMENDI BUSTO, JESUSA SILVEIRA BERMÚDEZ, PARQUE DE MARISCOS JOSÉ GARCÍA ABELLA S.L, JUAN RAMÓN LOBELOS INSUA, JOSÉ TOIMIL CASAL, MADERAS XUNQUEIRA SL, RAYIMPORT SL e JOSÉ ANTONIO TRIGO SINEIRO (folios 89.922 e 95.518), representados polo procurador Lousa Galloso e defendidos polos letrados don Jaime Fernández-Posse Rosende e José María Fernández Rosende, e COCEDERO BARRAÑAMAR SL (folios 95.542), representada polo procurador señor Garrido Pardo e defendida polos señores letrados mencionados, acusaron a **Apostolos Ioannis Mangouras, Nikolaos Argyropoulos, Ireneo Maloto e José Luis López-Sors González** por un delito contra os recursos naturais e o medio ambiente dos arts. 325 e 326 e, e a **Apostolos Ioannis Mangouras e Nikolaos Argyropoulos** un delito de desobediencia do art. 556. Solicitaron, polo delito contra os recursos naturais e o medio ambiente, para **Apostolos Ioannis Mangouras, Nikolaos Argyropoulos, Ireneo Maloto e José Luis López-Sors González** a pena de 3 anos de prisión, multa de 20 meses e inhabilitación especial para a súa profesión por tres anos para cada un deles, e polo delito de desobediencia, para **Apostolos Ioannis Mangouras e Nikolaos Argyropoulos**, as penas de 6 meses de prisión para cada un deles. Esíxenlles aos acusados responsabilidade civil, en concreto solicitando que se indemnice a ALQUISADA SL na cantidade de 2.167,12 euros, M^a LUISA TOBA PENSADO na cantidade de 6.861,53 euros, MEXIPOR CRIAÇÃO E COMÉRCIO DE MOLUSCOS SL na cantidade de 17.993,64 euros, ENVASES DE GALICIA SA na cantidade de 487.474,56

euros, CONCELLO DA ILLA DE AROUSA na cantidade de 384.862,52 euros, CONSELLO REGULADOR DA DENOMINACIÓN DE ORIXE "MEXILLÓN DE GALICIA" na cantidade de 3.147.000 euros, CULTIVOS Y MARISCOS PUENTE DEL PASAJE SL na cantidade de 63.935 euros, FRANCISCO CARIDAD CARIDAD E HIJOS CB (DON FRANCISCO CARIDAD CARIDAD, DON FRANCISCO JOSÉ CARIDAD YÁÑEZ e DON EDUARDO ALFONSO CARIDAD YÁÑEZ) na cantidade de 42.744,28 euros, LUSO-HISPANA DE ACUICULTURA SL na cantidade de 1.205.643,48 euros, ISIDRO DE LA CAL FRESCO SA na cantidade de 6.124.159,39 euros, CALTRÁN SA na cantidade de 513.556,41 euros, PASTEURIZADOS DO MAR SL na cantidade de 2.000.461 euros, DON JOSÉ LUIS CASTRILLÓN MARTÍNEZ na cantidade de 2.945.666,71 euros, DON MANUEL PÉREZ CASTRILLÓN CAÑAL Y OTRO SC na cantidade de 23.565,58 euros, MARISCOS RÍA DE FERROL SL na cantidade de 102.399 euros, GRANJAS MARINAS LA PALMA SL na cantidade de 264.572,91 euros, MARISCOS Y PESCADOS SANDE SL na cantidade de 357.519 euros, INSUAMAR SL na cantidade de 492.625 euros, ÁNGEL MARÍA OTAMENDI BUSTO na cantidade de 446.523 euros, JESUSA SILVEIRA BERMÚDEZ na cantidade de 113.678,92 euros, PARQUE DE MARISCOS JOSÉ GARCÍA ABELLA SL na cantidade de 568.860 euros, JUAN RAMÓN LOBELOS INSUA na cantidade de 9.000 euros, JOSÉ TOIMIL CASAL na cantidade de 348.564 euros, MADERAS XUNQUEIRA SL na cantidade de 342.735 euros, RAYIMPORT SL na cantidade de 25.585 euros, JOSÉ ANTONIO TRIGO SINEIRO na cantidade de 305.339,35 euros e COCEDEROS BARRAÑAMAR SL na cantidade de 2.977.564,90 euros. Fan extensiva a reclamación con carácter directo á entidade FIDAC e á entidade aseguradora The London Steamship Owners Mutual Insurance Association Ltd. (The London P&I), e con carácter subsidiario ás entidades Universe Maritime Ltd. e Mare Shipping Inc. e mais ao Estado español.

O CONSELLO XERAL DA BRETAÑA (folio 96.272), representado polo procurador señor Sánchez Vila e defendido polos letrados dona M^ª José Almodóvar Melendo, don Juan Ricardo López Borrazás, don Luis A. Corres Castro e don Jaime Acebal Dávila, PROMOTORA INDUSTRIAL SADENSE SA (PROINSA), DEPURADORA DE MARISCOS DE LORBÉ SA e JUAN CIPRIANO FERNANDEZ ARÉVALO, representados polo procurador señor Fernández Lestón e defendidos polos letrados don Luis Antonio Cores Castro, don Jaime Acebal Dávila e dona M^ª Belén Amboade, acusaron a **Apostolos Ioannis**

Mangouras, Ireneo Maloto e José Luis López-Sors González por un delito contra os recursos naturais e o medio ambiente dos arts. 325 e 326 e e un delito de danos por imprudencia grave do art. 267 do Código penal, polo que tamén acusa a **Nikolaos Argyropoulos**, e a **Apostolos Ioannis Mangouras, Nikolaos Argyropoulos e Ireneo Maloto** por un delito de desobediencia do art. 556. Solicitaron, polo delito contra os recursos naturais e o medio ambiente, para **Apostolos Ioannis Mangouras** as penas de 4 anos e seis meses de prisión, multa de 30 meses a razón de 100 euros diarios e inhabilitación para a súa profesión durante catro anos, e polo delito de imprudencia a pena de seis meses de multa a razón de 100 euros diarios, para **Ireneo Maloto** as penas de 4 anos e un mes de prisión, multa de 25 meses a razón de 90 euros diarios e inhabilitación para a súa profesión durante tres anos e seis meses, e polo delito de imprudencia a pena de seis meses de multa a razón de 80 euros diarios, e para **José Luis López-Sors González** a pena de 4 anos e seis meses de prisión, multa de 24 meses a razón de 100 euros diarios e inhabilitación especial para a súa profesión por 4 anos, e, polo delito de imprudencia, a pena de seis meses de multa a razón de 100 euros diarios, e a **Nikolaos Argyropoulos** polo delito de imprudencia a pena de seis meses de multa a razón de 90 euros diarios, e, polo delito de desobediencia, para **Apostolos Ioannis Mangouras, Nikolaos Argyropoulos e Ireneo Maloto**, as penas de 1 ano de prisión para cada un deles. Esta parte renunciou ao exercicio das accións civís.

AMEGROVE SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA (folio 96.313), GROVENSE DE MEJILLONES SA (folio 96.323) e MARISCOS BENAVIDES SL (folio 96.335) e PATRARCIS SL (96.346), representadas pola procuradora señora Pando Caracena, acusaron a **Apostolos Ioannis Mangouras, Nikolaos Argyropoulos, Ireneo Maloto e José Luis López-Sors González** por un delito contra os recursos naturais e o medio dos arts. 325 e 326 e, e a **Apostolos Ioannis Mangouras e Nikolaos Argyropoulos** un delito de desobediencia do art. 556. Solicitan, polo delito contra os recursos naturais e o medio ambiente, para **Apostolos Ioannis Mangouras, Nikolaos Argyropoulos e Ireneo Maloto** as penas de 7 anos de prisión, multa de 24 meses e inhabilitación especial para a súa profesión por cinco anos para cada un deles, e polo mesmo delito cometido por imprudencia, para **José Luis López-Sors González** as penas de 5 anos de prisión, multa de 24 meses e inhabilitación especial para a súa profesión por catro anos, e polo delito

A ulterior inundación dos tanques sometía o buque a uns esforzos que superaban os momentos flexores e os esforzos cortantes admitidos, pero iso constituía **un risco menor e aceptable.**

O informe de JORGE HILARIO GIL E JOSÉ CIRIA HOLGADO, sobre ensaios sobre fragmento de chapa (mostra m-m-1a) extraída dos restos do Prestige nunha intervención na que os referidos peritos participaron, asegura que o aceiro que constitúe a mostra de chapa extraída do buque afundido pode encadrarse nas designacións Naval A ou Naval B segundo UNE 36 084-79.

As devanditas calidades son as máis baixas de entre as definidas na norma mencionada, diferenciándose das de mellores características (Naval C, D e E) polos

³⁴ Aquel que, ben polo seu estado físico, a súa operación ou as actividades da tripulación, non alcanza a cumprir eses estándares básicos de navegabilidade e que polo tanto representa unha ameaza á vida humana e/ou ao medio ambiente. Isto evidénciase polo fallo do buque en cumprir as regulacións contidas nas convencións marítimas internacionais na medida que será considerado incapacitado para navegar por un estado de pavillón razoable ou por unha inspección do estado reitor do porto.

³⁵ Unidade de velocidade para barcos e avións, equivalente a unha milla náutica por hora.

seus menores valores de resiliencia³⁶ e maior tamaño de gran (Naval C e E). Para as designacións Naval A e B non se especifican valores de resiliencia mínima nin de tamaño de gran máximo que deba cumprir o aceiro, puntualizando que a soldadura adoita ser máis forte que o propio material soldado.

As medicións no fondo do mar son de dubidosa calidade e nelas é decisiva a sensibilidade do robot, mentres que a utilización dunha regra só pode dar resultados groseiros e ademais non se cortou na zona de bordos nin noutra máis relacionada coa rotura que se debeu a defectos previos.

Rematan os señores peritos informando que se poderían ter reconstruído as causas da rotura, aínda que sería moi caro.

Segundo a **COMISIÓN PERMANENTE DE INVESTIGACIÓN DE SINISTROS MARÍTIMOS** do Ministerio de Fomento A CAUSA DETERMINANTE DO ACCIDENTE foi un fallo estrutural na zona dos tanques de lastre núm. 2 (popa) e 3, ambos os dous de estribor, consistente na perda de resistencia local debida a unha deformación, desprendemento ou fractura dos reforzos lonxitudinais do costado, o que provocaría a perda de rixidez nas súas pranchas e a consecuente deformación destas, polo que se puido producir unha abertura de gran tamaño e mesmo un desprendemento das devanditas pranchas.

Segundo o INFORME DE FOMENTO SOBRE O ACCIDENTE, recoñécese que o buque pasou todos os controis e malia iso produciuse o accidente, asegurando en concreto Francisco Javier del Moral Hernández que a corrosión do buque era evidente para calquera e as reparacións foron infradimensionadas en estribor, de maneira que a situación ao saír de Rusia era crítica, razón pola cal a manobra de lastrar para endereitar foi gravemente imprudente.

Pola súa banda, e con relación ao informe do Ministerio de Fomento, David Alonso Mencía Álvarez, especialista en máquinas, e Francisco Alonso Lorenzo, enxeñeiro naval, informaron que ao fallar unha válvula o motor funciona en modo manual. Esta avaría do Prestige durou cinco meses e iso é irracional porque o sistema é de emerxencia e está deseñado para traer o barco a porto, non para navegar.

³⁶ Capacidade dun material elástico para absorber e almacenar enerxía de deformación.

Os peritos **Francisco Javier Salgado Cortizas e José Dodero Martín**, que subscriben o chamado informe Marens, aseguraron que o buque, despois de ser endereitado, e debido á contrainundación realizada, soporta un peso excesivo e o valor do momento flexor³⁷ está por riba de límites. Ademais, por efecto da escora, parárase o motor propulsor e o buque atopábase ao garete³⁸.

Nese sentido, non lles ofrece dúbida que o desencadeante da rotura do forro foron os golpes de mar, ao coincidir a zona avariada co costado que viña sufrindo, directa e continuadamente, os embates do mal tempo.

Segundo o INFORME DE HOLLAND & KNIGHT, defendido en xuízo por Charles R. Cushing, o Prestige non cumpriu os estándares a que se atén a entidade ABS, porque a mesma ABS non recoñeceu axeitadamente o buque nin aplicou correctamente as súas propias regras, senón que falseou os certificados da nave e foi enormemente negligente ao levar a cabo o seu traballo e inducir así ao público, temerariamente, a crer que o Prestige cumpría eses estándares, xa que a corrosión era moita e inaceptable e algunhas medicións foron manipuladas (sobreescritas).

O INFORME DE RICARD MARÍ SAGARRA destaca que a existencia de troncos á deriva é un feito real e comprobado que foi anunciado como un perigo para a navegación pola Torre de Control de Fisterra e que a completa análise das ondas existente realizada *ex post* polos Servizos Meteorolóxicos franceses, analizando os datos reais observados daquel concreto día e zona marítima (non as predicións *ex ante*), que figura no folio 38.480 do tomo 73, conclúe que o Prestige puido ser afectado por "ondas anormais e moi perigosas".

O INFORME DE MANUEL FERNÁNDEZ HERMIDA, perito designado xudicialmente, establece que a conexión de aceiro novo con aceiro envellecido pode xerar áreas de concentración de tensión na superficie de contacto entre ambos os materiais e acelerar a corrosión do aceiro envellecido, máxime cando este non se encontra protexido. Tamén é coñecido que como consecuencia das soldaduras se

³⁷ Denomínase "momento flexor" (ou tamén "flexional") ou "momento de flexión" un momento de forza resultante dunha distribución de tensións sobre unha sección transversal dun prisma mecánico flexionado ou unha placa que é perpendicular ao eixe lonxitudinal ao longo do que se produce a flexión.

³⁸ Dito dunha embarcación sen goberno: Ser levada polo vento ou a corrente.

poden producir tensións que poden dar orixe a fracturas inestables, polo que tampouco se pode descartar a influencia deste factor na orixe do sinistro.

Segundo este perito A ORIXE DO SINISTRO TEN A SÚA CAUSA NA CAÍDA DO TABIQUE LONXITUDINAL QUE SEPARA O TANQUE NÚM. 3 CENTRAL DOS TANQUES DE LASTRE NÚM. 2 ER. PP e 3 ER., e os tabiques que se din caídos vense nas fotografías achegadas aos autos.

Entende, ademais, que o capitán se comportou correcta, axeitada e case admirablemente, que a deriva cara á costa estivo influída pola escasa velocidade e o estado do mar e que había unha falta notoria de mantemento, aínda que a comprobación dos sistemas é frecuente e sistemática, pero a responsabilidade *ad hoc* parécelle difusa.

Os peritos JOSÉ MANUEL MARTÍNEZ MAYÁN, VICENTE BECEIRO VEIGA E ANTONIO FRANCISCO PITA PORTA informaron que a operación de lastrado non foi correcta, xa que a alternativa correcta sería un transvasamento de carga interno.

O perito TONY BOWMAN asegurou que o Prestige non era un buque subestandar, que os tanques 3 se inspeccionan con criterios moi estritos e que a substitución de 100 toneladas de aceiro é normal, de modo que, aínda que non se sabe de forma exacta o que ocorreu, o máis probable é que unha onda causase o derrubamento dun elemento estrutural.

O perito NIGEL BARLTROP informou que unha causa exterior exerceu presión no forro do casco, abundando o perito ALFRED OSBORNE en que as ondas anormais son frecuentes.

O perito CARLOS DELGADO MACÍAS, enxeñeiro naval, despois de afirmar que os reforzos do Prestige parecen conservados, di que é imposible que se coloquen nun estaleiro lonxitudinais de diverso tamaño porque son contra natura e calquera operador se opoñería a iso.

Oíronse informes con base documental e informática sobre simulacións virtuais ou máis realistas do ocorrido e do que tería acontecido de se teren adoptado outras decisións en lugar das que efectivamente se tomaron, informes moi interesantes como

indicios de posibles hipóteses e máis nada, de aí que o seu valor probatorio sexa moi precario.

É dicir, todos estes informes técnicos sucintamente salientados son extraordinariamente elusivos e imprecisos, o cal se deduce dos termos literais de moitos deses informes, e aqueles que pretenden establecer algunha causa concreta e demostrable carecen de rigor e concrépanse en atribuír o acontecido a ondas anormais, á rotura/fractura dun tabique e a defectos de conservación.

En canto ás ondas, cómpre insistir na análise anterior para lembrar que non se probou a súa existencia e que a mera probabilidade estatística (que tampouco é moi fiable) nunca pode ser proba dun feito, aínda que a moitos expertos llelo pareza.

En canto á rotura/fractura dun tabique ou anteparo³⁹, parece claro que se produciu, pero non está demostrado que fose a causa e non a consecuencia do acontecido; é dicir, non se sabe se esa fractura causou a avaría nin que a avaría, causada por outros factores, provocase a rotura do tabique, coas lóxicas consecuencias no naufraxio.

E a falta de conservación, aínda sendo indiciariamente moi relevante, non parece que puidese ser advertida polos acusados nin valorada como grave, dado que o seu aspecto e entidade non eran ostensibles e que a documentación relativamente recente do buque avalaba o seu bo estado, sen prexuízo de destacar a hipótese que sosteñen algúns peritos respecto da fraude cometida nesa documentación que avala a viabilidade do buque para navegar en condicións de seguridade.

En resumo, non hai ningún dato concreto que permita establecer con seguridade as causas da extraordinaria, repentina e irreparable avaría que sufriu a nave fronte ás costas galegas nos infaustos días de autos e só se pode inferir dos datos recollidos que o estado de mantemento e/ou conservación do buque era deficiente e que iso fixo que non soportase os esforzos dun temporal máis que notable.

³⁹ Denomínase *anteparo* ou simplemente *tabique* o tabique de táboas ou pranchas de ferro con que se divide en compartimentos o interior dun barco.

Tamén se salientou, como queda dito, que o Prestige era gobernado de modo manual, ao non funcionar o sistema automático *ad hoc*, o cal é verdade, mais non ten unha conexión lóxica nin causal coa avaría producida, o mesmo que os defectos nos chamados serpentíns⁴⁰ de calefacción, destinados a conseguir unha temperatura do fuel que permitise o seu manexo e nomeadamente o seu transbordo, o cal puido afectar a algunha posibilidade de salvar o buque, mais non ás causas da avaría que se analizan.

Establecida cal é a causa do acontecido nos imprecisos termos que quedan expostos, dedúcese dúas conclusións inmediatas, isto é, a dificultade/imposibilidade de atribuír responsabilidades precisas aos acusados por algúns dos delitos que se lles imputan e a posibilidade de ter investigado en detalle algunhas cuestións, o cal non se fixo.

En canto ao segundo, parece evidente que, por razóns discutibles, a intervención das partes nas operacións, investigacións e comprobacións realizadas nos restos do Prestige con medios relativamente sofisticados e o parcial éxito de recuperar a carga (que non se chegou a conxelar, pero si a adquirir unha consistencia que limitaba a súa expansión; é dicir, aínda que non se solidificou, foi máis lento o fluír do fuel, e a solidificación desta clase de fuel nunca é perfecta, nin sequera conxelado, pois aínda así segue a ser brando) foron actividades que non se realizaron coas cautelas imprescindibles para garantir a integridade probatoria do seu resultado, malia os esforzos *ad hoc* do Xulgado Instrutor.

Tratábase de operacións técnicas complexas, dificultosas e arriscadas nas que a intervención de moitas persoas de xeito directo é case imposible, mais existen posibilidades de control e presenza indirectos e, sobre todo, de sinalar a práctica de certas comprobacións, alén do grosor de placas de aceiro ou da mera aparencia dos estragos.

⁴⁰ Denomínase serpentín ou serpentina un tubo de forma frecuentemente espiral, utilizado comunmente para arrefriar vapores provenientes da destilación nun depósito e así os condensar en forma líquida. Adoita ser de vidro, cobre ou outro material que conduza a calor doadamente. Este aparato utilízase de diversas formas pero máis comunmente no laboratorio de química. Os serpentíns úsanse desde a antigüidade na destilación de bebidas alcohólicas, aínda que na actualidade calquera proceso de refinado de crus ou obtención dun produto químico pode utilizar un serpentín, ben para arrefriar, ben para quentar líquidos ou gases.

Por desgraza, talvez o custo dunha análise pericial integral dos restos do buque sexa inasumible e deban quedar para unha futura análise, se os medios técnicos permiten un acceso conveniente, como aconteceu con outros accidentes famosos de buques, pero polo de agora non se logrou e non está claro que poida lograrse.

Con esta práctica indefinición das causas do acontecido, salvo en canto á existencia dun mantemento deficiente, naturalmente hai que prescindir de analizar a responsabilidade penal de persoas xurídicas como a empresa armadora do buque ou de ABS, simplemente porque cando ocorreron os feitos non era posible esixirlles esta clase de responsabilidade ás persoas xurídicas en España, o que significa que só se lles poderá esixir ás devanditas persoas, de ser o caso, a oportuna responsabilidade civil.

Consta un intento de algo similar no coñecido litixio promovido nos EE.UU. polo Reino de España contra a entidade ABS, que acabou rexeitando as pretensións españolas pero xerou un voluminoso conxunto documental, que non se incorporou a este xuízo por razóns pragmáticas de non incrementar un acervo documental xa desproporcionado (nese sentido os informáticos que colaboraron no xuízo informaron que o volume de folios da causa é o maior de todas as tramitadas en España, e destacan que o volumen de folios acada o número de 1.691.916 aproximadamente; consta ademais na causa 117.699 arquivos, 47 vídeos e 192 DVD) e por motivos máis técnicos relacionados coa escasa utilidade de informes e testemuños non practicados no xuízo nun ámbito como o penal, no que a intermediación é inescusable e básica, sen necesidade de incorrer nos excesos que veñen a considerala case taumatúrxica e sen prexuízo de aceptar algúns documentos que incorporaban datos de relativa relevancia.

As imputacións formalizadas contra o capitán e o xefe de máquinas do Prestige, relacionadas coas causas do ocorrido, non foron imputadas a título de dolo directo nin se invocou que se trate dun suposto de omisión impropia, dunha comisión por omisión consistente en omitir inescusables tarefas de control, inspección, conservación e mantemento co propósito de afundir así o buque, e no caso de que o fosen, nada se demostrou, sobre todo porque ninguén sostivo nin pode sosteñer que estes acusados quixesen afundir o buque e só se sosteñen con certa vehemencia as acusacións de imprudencia, negligencia ou culpa.

A tese máis estendida é que o Prestige forma parte dun grupo ou frota de buques anticuados, inadecuados para a súa finalidade orixinaria pero que funcionan a baixo custo e con pingües beneficios, polo que operadores desaprehensivos se serven diso, amparándose en bandeiras de conveniencia para manter un tráfico arriscado, desprezando a posibilidade obvia e inminente de que se produzan sinistros como o que se axuíza.

É imposible aceptar esa tese tan suxestiva, salvo que as autoridades marítimas e as normas internacionais amporen esta clase de tráfico perigoso e de perfís criminais, o cal formalmente non pode aceptarse e materialmente parece inconcibible.

O Prestige estaba dotado de cantos certificados e documentación son esixibles para amparar a súa legal navegación nas augas por onde o facía. É verdade que algunhas empresas non o aceptaban (REPSOL e BP, por exemplo) e que tiña limitado o acceso a algúns países e portos, pero iso non lle impedía navegar polo separador de tráfico como o facía, de xeito que as condicións formais e os requisitos legais da navegación eran correctos.

A navegación desenvolvérase sen dificultades, polo menos desde o punto de vista da inexistencia de incidencias destacadas e do parecer de capitán e oficiais, e mesmo da tripulación, aínda cando a súa inexperiencia non permita dar demasiado crédito ás súas apreciacións.

O temporal reinante cando ocorreron os feitos era duro, extremo e de difícil navegación, pero foi enfrontado con indubidable éxito por outros moitos buques eses mesmos días e o Prestige navegaba con lentitude pero con aparente seguridade, talvez cun defecto no calado, que non era o máis conveniente, pero sen que iso se considerase concausa eficiente do acontecido, así que navegar nun buque aparentemente axeitado en condicións duras pero aceptables para os navegantes experimentados non parece ningunha clase de imprudencia.

A bandeira de Bahamas que algunhas partes e certa literatura especializada chama de conveniencia parece que está considerada a nivel mundial de forma moi positiva, mesmo mellor que o abandeiramento español, o cal non pode ocultar que

sería moi estraño este abandeiramento se non fose por vantaxes de diversa índole, desde as fiscais ás posibilidades de intervención privilexiada na tramitación da navegación desta clase de buques desde a perspectiva meramente administrativa ata a posibilidade de interferir nos controis técnicos máis decisivos, pero iso tampouco demostra ningunha responsabilidade penal, nin sequera a indica.

Discutiuse a titulación do capitán acusado, que talvez incorrese nalgún defecto meramente administrativo mais isto non impide comprobar a súa cualificación e experiencia como capitán desta clase de naves (como se infire da documentación testemuñada nos folios 3905 a 3913 das actuacións) e, se é verdade que a tripulación era inexperta e dun nivel profesional carencial, ningún comportamento deses tripulantes, nin do capitán, nin dos oficiais foi denunciado como inepto, prexudicial ou simplemente negligente.

Reducida así a imputación a que foron imprudentes por arriscarse a navegar nun buque inseguro e abocado ao afundimento, parece imposible soste-loxicamente tal imputación porque ninguén demostrou que coñecesen o estado real do buque no relativo aos defectos de conservación que causaron o seu afundimento.

Todos sabían que non era un buque novo e que o seu estado de conservación era o que cabería esperar dun prolongado transcurso de tempo nunha actividade de tanto desgaste como é a navegación de grandes petroleiros, pero nin sabían nin podían saber da existencia de graves deficiencias que abocasen a un inminente naufraxio.

O aspecto a simple vista non era alarmante, aínda que non fose moi satisfactorio, e ninguén (salvo o perito Francisco Javier del Moral Hernández) foi capaz de sinalar a día de hoxe onde podería terse advertido sen dúbida algún defecto que impedise ou desaconsellase a navegación. Xa que logo, a decisión de asumir a navegación como unha ocupación laboral arriscada pero controlada e normal non pode imputarse como delito.

De feito a conduta ulterior do capitán e os oficiais foi cualificada de correcta, cando non eloxiada por multitude de técnicos, incluídos os que asumían os intereses

españóis como prioritarios, e as decisións iniciais tras a avaría non só son aceptables, senón que demostran unha coraxe e enteireza fóra do común, porque permanecer nun barco endereitado con dificultades, no medio dun temporal extremo, anegado polas ondas e perdendo fuel para tratar de salvar a nave parece pouco coherente coa imprudencia de quen arrisca un buque a sabendas de que son moi altas as probabilidades de que naufrague por defectos de mantemento.

Os tipos penais imputados *ad hoc* son os descritos nos arts. 325, 326.e, 331 e 338⁴¹ do Código penal vixente cando aconteceron os feitos, e as condutas que describen ou son esencialmente dolosas en termos que non se demostraron, como xa queda dito, ou só poden ser imputadas a título de imprudencia grave, sendo así que certas decisións, certa incuria e algún comportamento elusivo poden ser tachados de negligentes, como navegar en automático, non ter en bo estado os serpentíns de calefacción, ter deteriorado/inservible o remolque de emerxencia de popa, aceptar unha tripulación escasamente formada para manexar un buque como o Prestige, mesmo coa automatización de tantas das súas funcións, e aceptar cargas e instrucións de dubidoso contido e alcance, pero ninguén demostrou que existisen instrucións ilegais nin que a carga fose inaceptable ou prexudicial, malia o risco que supón a súa vertedura (accidental ou non), senón que certa precarización nesa navegación estaba conectada co lexítimo propósito de aproveitar o último período de actividade de

⁴¹ Artigo 325

Será castigado coas penas de prisión de dous a cinco anos, multa de oito a vinte e catro meses e inhabilitación especial para profesión ou oficio por tempo de 1 a 3 anos o que, contravindo as leis ou outras disposicións de carácter xeral protectoras do medio ambiente, provoque ou realice directa ou indirectamente emisións, verteduras, radiacións, extraccións ou escavacións, aterramentos, ruídos, vibracións, inxeccións ou depósitos, na atmosfera, o chan, o subsolo ou as augas terrestres, subterráneas ou marítimas, incluída o mar aberto, con incidencia mesmo nos espazos transfronteirizos, así como as captacións de augas que poidan prexudicar gravemente o equilibrio dos sistemas naturais. Se o risco de grave prexuízo fose para a saúde das persoas, a pena de prisión impoñerase na súa metade superior.

Artigo 326

Impoñerase a pena superior en grao, sen prexuízo das que poidan corresponder conforme a outros preceptos deste Código, cando na comisión de calquera dos feitos descritos no artigo anterior conorra algunha das circunstancias seguintes:

- e) Que se producise un risco de deterioración irreversible ou catastrófica.

Artigo 331

Os feitos previstos neste capítulo serán sancionados, se é o caso, coa pena inferior en grao, nos seus respectivos supostos, cando se cometan por imprudencia grave.

Artigo 338

Cando as condutas definidas neste título afecten a algún espazo natural protexido, impoñeranse as penas superiores en grao ás respectivamente previstas.

mariños expertos e cun ánimo de lucro excesivo por parte da entidade propietaria do buque, e, nomeadamente, coa extraordinaria deficiencia da estrutura de control e inspección de buques desde o punto de vista da súa seguridade e adecuación para navegar.

Neste caso, ese control estaba encomendado á entidade ABS, que, como outras entidades desa clase, é unha empresa privada que controla nada menos que a posibilidade de navegación mercante en gran parte do mundo. Trátase dunha actividade sumamente lucrativa, que xestiona un enorme poder e que ten de responder en consecuencia.

Se os feitos demostran que a estrutura do Prestige non era apta para soportar a navegación normal, e moito menos en condicións críticas, é imposible que se certificase honradamente o contrario, é dicir, xorden indicios racionais de que o control ou inspección, como mínimo, non foi eficaz.

Parece pouco funcional que entidades privadas xestionen esta clase de controis, porque o interese que así se xestiona vai moito máis alá do privado e require unhas garantías de transparencia e eficacia moi estritas, que non parecen moi coherentes coa excesiva cláusula denominada de indemnidade, incluída no certificado de clasificación do Prestige autorizado pola entidade ABS e que beneficia á propia ABS nos expresivos termos que constan no folio 3199 das actuacións.

Sen necesidade de entrar no debate sobre as virtudes e defectos da xestión privada ou pública dalgún poder, o certo é que se é privada ten que se someter, loxicamente, a controis oficiais e externos que non se esgotan nos seus propios informes e certificacións, pero iso poderá dilucidarse, de ser o caso, se se exercitan as accións pertinentes para o efecto, con independencia de que eses defectos fosen coñecidos, propiciados e/ou coxestionados por entidades armadoras ou propietarios do buque, como algunha testemuña declarou.

Se non se demostrou que os acusados quixesen afundir o buque, nin que coñecesen as súas deficiencias estruturais, nin as causas destas relacionadas con conservación e/ou reparacións, senón que se limitaron a asumir unha navegación

arriscada en termos que non poden ser tachados de imprudentes, nin desde o punto de vista estritamente profesional, nin desde o punto de vista da mera lóxica, parece evidente concluír que os tripulantes do Prestige acusados neste xuízo deben ser absolvidos deste primeiro delito, porque non actuaron dolosamente e porque a súa imprudencia relativa, caso de existir, nin foi eficiente, nin se demostrou en moitos aspectos, e, sobre todo, en ningún caso foi GRAVE, que é o que esixe o tipo⁴².

2º) A outra acusación relevante neste xuízo é a formalizada por moitas partes contra o director xeral da Mariña Mercante, José Luis López-Sors González, a quen se lle atribúe a responsabilidade do ocorrido por tomar a decisión de afastar o buque das costas galegas, o cal propiciou que a vertedura de fuel do Prestige afectase a unha extensa porción de costas españolas e francesas en termos económica e ambientalmente catastróficos.

Ninguén sostén seriamente que obrase así este alto funcionario por dolo directo, mais insístese no dolo eventual ou en que, se obrou imprudentemente, a imprudencia sería neste caso grave.

As acusacións agora formalizadas tiveron un eco inmediato e deron lugar a que unha asociación creada tras o ocorrido desempeñase un relevante e meritorio papel na investigación e neste xuízo, o cal non equivale a dicir que as súas conclusións fosen acertadas.

⁴² Sentenza 13.02.2008

Esta Sala rexeitou a cualificación imprudente cando se está en presenza dun profesional, coñecedor da carga tóxica transportada, da necesidade de autorización administrativa, da súa procedencia e da gran cantidade daquela (STS 442/2000, 13 de marzo). Nestas situacións, se ben non é deducible unha intencionalidade de prexudicar o medio ambiente ou de crear un risco, as regras da lóxica, da experiencia e do recto xuízo permiten asegurar que o axente é consciente desas eventualidades e, malia iso, executa a acción.

Sentenza 13.03.2000

O obrigado respecto aos feitos probados da sentenza que esixe a vía casacional elixida pon de relevo de xeito notorio unha acción non imprudente, senón claramente dolosa. Estamos ante un profesional, coñecedor da carga transportada, da súa procedencia e da gran cantidade daquela, que ordena ao seu empregado o vertido do devandito cargamento no lugar concreto e determinado onde, efectivamente, se realizou, a tan só corenta metros da ría que constitúe o hábitat da fauna mariña que resultou afectada e, como se dixo, coñecedor da necesidade de autorización administrativa. Estes datos permiten deducir unha conduta premeditada e intencional incompatible coa imprudencia, pois o acusado sabía sen dúbida o que facía e quixo facer o que fixo.

É unha obviedade que, desde un punto de vista lóxico, esa decisión deu lugar a unha inusitada extensión das zonas afectadas polas verteduras e que se se tivese refuxiado o buque en calquera porto ou ría galega próxima se reduciría extraordinariamente a extensión da zona afectada, de xeito que á primeira vista, lóxicamente debeu optarse por ese refuxio, sen dúbida ningunha; pero se se examinan de cerca esas cuestións o argumento non resiste outras precisións polo menos tan lóxicas como as expostas.

Posto que a vertedura afectou finalmente a unha extensión tan grande da costa española, non parece que poida imputarse a exceso de celo na defensa desas costas o decidido, aínda que a finalidade de protexer o propio territorio sexa lexítima e ninguén a discuta, como ninguén discute a enerxía dun buque de guerra portugués que impediu que o Prestige navegase cara ao Sur para chegar fronte ás costas portuguesas.

Non parece lóxico que unha decisión tomada para protexer a costa se convertese nun remedio moito peor que a vertedura nun punto concentrado, aínda que haxa que puntualizar que sabemos o que aconteceu a consecuencia desa decisión pero non está moi claro o alcance do prexuízo se se tivese adoptado a decisión que propugnan os acusadores e non poucos técnicos.

Dadas as condicións do mar e o clima nos días de autos e mais o estado do Prestige, así como a súa proximidade á costa galega, era case inminente que embarrancase na referida costa con consecuencias concentradas pero moi prexudiciais para esa costa e o seu delicado equilibrio ecolóxico, de xeito que, tal e como acontece coa reacción do capitán para endereitar o buque, case todos os expertos coinciden en que a decisión inicial de afastamento foi correcta, pero unha vez firme o remolque do petroleiro e sen risco inminente de choque coa costa, o lóxico, o prudente e o tecnicamente correcto era refuxiar o buque nun porto ou ría para transvasar a súa carga, ou ben levalo a augas tranquilas en mar aberto para proceder do mesmo modo.

Esta última posibilidade na que se ten insistido moito é moi atractiva, pero ten unha dobre dificultade, isto é, que ninguén sinalou con precisión onde estaban entón esas augas máis tranquilas, e mais que, se se refiren a unha posibilidade ao sur da posición do buque, xa queda dito que os nosos amigables veciños portugueses non

toleraron ese rumbo e mostraron que estaban decididos a impedilo pola forza, así que as alegacións de que o Prestige tivo un rumbo errático e que non se sabía exactamente o que facer co barco parecen pouco fiables, porque todo demostra que o afastamento trataba de evitar que a vertedura afectase masiva e gravemente as nosas costas e ademais esperábase que o afundimento rematase coa vertedura, se non por conxelación do fuel —que, xa queda dito, non se produciría nin se produciu—, polo menos limitando a cantidade e intensidade da vertedura e posibilitando a recuperación do fuel dos restos do buque, como así ocorreu, sen prexuízo de admitir que a vertedura continuou unha vez afundido en termos importantes, malia a trivialización ao respecto por parte de responsables das autoridades españolas, que describiron ben o que as cámaras descubriron no buque afundido mais non calibraron entón debidamente as consecuencias dese afundimento.


Non falta quen afirme que a vertedura en contacto co mar se degrada, se fragmenta e perde, por así dicilo, capacidade contaminante, o cal permitía afrontar con máis tempo, medios e eficacia a solución da chamada marea negra, cuestión discutible, pero que, desde a mera lóxica, non parece un desatino.

Se a finalidade básica do afastamento era esa, debe considerarse que as previsións das autoridades españolas eran ademais sobradamente pesimistas.

Análises temperás da situación prognosticaban un inmediato e catastrófico afundimento preto das nosas costas, e de aí a présa no afastamento. Ademais esa esixencia foi aceptada polos equipos de salvamento, sen dúbida porque tiñan expectativas de salvar o buque, mesmo nesas condicións.

De feito, o buque non se afundi ata despois de días, durante os cales un temporal de infrecuente intensidade facía que o costado de estribor do buque, onde se producira a avaría, chegase a recibir de 37.600 a 46.000 golpes de mar.

Para ilustrar esa derradeira viaxe do Prestige abonda con examinar a seguinte ilustración (folio 6243):



O afastamento queda así explicado e en parte xustificando, de xeito que resta por analizar se era previsible a extensión dos efectos da vertedura e se aínda así foi aceptable e, naturalmente, a alternativa de refuxiar o buque en porto español ou nunha ría.

Todo indica que a extensión dos efectos da vertedura era previsible, aínda que é dubidoso que se considerase nalgún momento o extraordinario alcance dos danos, non só porque a chegada masiva de fuel a lugares moi afastados non parece que fose un prognóstico fiable naquel momento e porque non semella que ninguén advertise desde a perspectiva científica que tal fose a posibilidade inmediata, sen que abonde escusarse en que se prescindiu de consultar a certos colectivos e a determinados científicos que agora abundan no craso do erro mais que entón gardaron, na súa maior parte, silencio, ao non seren requiridos para o efecto.

As autoridades españolas contaban ademais con asesoramento técnico correcto e máis que suficiente (aínda que, como todo asesoramento desa índole, suxeito a erro), polo cal nada pode reprocharse respecto ao descoñecemento ou falta de información, que, aínda que fose exhaustiva, dificilmente ía supoñer que se

cambiase algún dos criterios considerados, sinxelamente porque ao avaliar os prexuízos previsibles considerouse máis favorable para todos o que se decidiu, é dicir, a posibilidade de contaminación extensa pero non moi intensa, que facilitase a recuperación rápida do ecosistema, como parece que efectivamente aconteceu, sen prexuízo dos informes técnicos que aseguran que os efectos contaminantes aínda persisten e que iso afecta dun xeito inconcreto e talvez grave á ecoloxía e conservación do medio ambiente e da natureza nas costas, dito sexa sen prexuízo de salientar que ninguén concretou os aspectos, alcance e demostración desa persistencia dos efectos contaminantes nun país como o noso, que sufriu polo menos tres catástrofes desa índole e onde todo indica que, á parte da posible contaminación global dos mares do planeta, se conseguiu recuperar a inmensa maioría dos usos e actividades, económicas ou non, de toda índole, como á vista está.

A alternativa do refuxio foi a máis debatida.

Para empezar, hai dúas afirmacións contrapostas: dun lado dise que era a única decisión lóxica e tecnicamente viable que reduciría os prexuízos e o custo de xeito drástico, e doutra parte sostense que esa decisión era tecnicamente arriscada e inviable e que sería ilegal o refuxio nas condicións en que se atopaba o Prestige, ben por afectar a espazos naturais protexidos, ben por afectar de modo directo a poboacións que verían sumamente alterada a súa economía e as súas condicións de vida.

Debe haber un termo medio entre estas posturas enfrontadas, así que o lóxico é analizar en que termos se había concretar o refuxio.

As condicións de navegación do buque, cun enorme oco no custado e sobrecargado ata case os límites do aceptable, convertían o seu manexo, mesmo remolcado, en tarefa moi difícil, o cal en alta mar ou en augas libres podía ser un inconveniente pero non un risco, como acontecería se se lle pretendese dar refuxio.

Suscitáronse diversas hipóteses, desde a entrada no porto da Coruña ata a súa entrada no porto de Vigo ou que fose levado á enseada de Corcubión.

A entrada na Coruña desbótase doadamente polas precarias condicións de acceso ao devandito porto en circunstancias normais, canto máis nas carenciais xa descritas.

A entrada en Vigo tampouco era factible, a pesar da petición expresa da empresa de salvamento e rescate que finalmente se fixo cargo do buque, dado que, malia ter bo acceso, a proximidade a un parque natural de grande importancia o desaconsellaba, se ben finalmente non se puido evitar que a vertedura afectase a ese parque.

A outra alternativa, a enseada de Corcubión, é a que concitou máis adhesións e votos dos posibilistas. En efecto, está relativamente preto do lugar do suceso e o seu acceso e ámbito de refuxio son amplos.

Non obstante, discutiuse a eficacia do refuxio nesa enseada, dado que non estaba protexida do vento reinante nos días de autos, as dificultades da manobra de acceso eran importantes e, naturalmente, destruírías o ecosistema da zona e afectaría de forma decisiva ao *modus vivendi* da poboación local, aínda que tamén se dixo que tanto a riqueza ecolóxica e a marisqueira, piscícola etc. da zona, así como a súa poboación, eran escasas e, polo tanto, sacrificables, isto é, trataríase dun mal menor.

Por suposto, as persoas directamente concernidas consideran inaceptable esa solución e serían previsibles tensións que poderían dexenerar en disturbios, pero o máis decisivo é a imposibilidade de considerar esa solución como mal menor, porque a destrución da zona sería tan intensa que posiblemente a súa recuperación non sería nin doada nin completa e talvez non recuperase o estado aceptable do resto das zonas que foron afectadas. Aínda así, trátase dunha alternativa aparentemente respectable e eficaz, se non fose por un grande inconveniente de carácter real e argumental que consiste nun dato obvio que se desprende de todo este asunto e se fixo notar inmediatamente despois destes sucesos.

Nunca se dixo ata agora cal sería a decisión correcta a adoptar nin o protocolo a seguir no suposto non desdeñable de que se repetisen feitos similares, nin aínda

agora, despois dunha dilatada instrución e dun longo e árido xuízo, foi capaz ninguén de sinalar o que se debería de facer, á parte dalgunhas opinións particulares máis ou menos técnicas.

Talvez a exclusión de portos de refuxio obedeza a intereses de orde pública respectables ou a dificultades técnicas inexplicables ou á imposibilidade real de tomar decisións con carácter preventivo, pero en calquera desas alternativas é imposible atribuír ningunha clase de responsabilidade penal por imprudencia e menos por dolo eventual ao entón director xeral da Mariña Mercante.

Sen dúbida, a esixencia de resolucións axeitadas e de dilixencia ás autoridades ten que formalizarse cun rigor exquisito, pero mesmo así a conduta do acusado concernido supera amplamente ese canon e, aínda cando o acusado teña asumido en exclusiva e persoalmente a responsabilidade polas decisións tomadas, resulta pouco convincente que esa responsabilidade non dependese directamente doutras autoridades tan asesoradas como o acusado ou mellor e cunha posibilidade de influír en que a crise e a súa resolución fose moito máis rápida e eficaz.

Sorprende ademais que se incrimine a quen en principio non é senón unha vítima e afectado polo desastre que tratou de solucionar, aínda que é verdade que puido haber negligencia no cumprimento de obrigas por seren infundadas e/ou inadecuadas as decisións, que é o que cómpre analizar.

Simplemente, ante unha situación de emerxencia, tras o asesoramento técnico máis rigoroso e capaz, tomouse unha decisión discutible pero parcialmente eficaz, enteiramente lóxica e claramente prudente, de modo que, salvo a imposición dun criterio personalísimo e dificilmente fundado, se decidise por imposición de autoridade non razoable outro criterio distinto.

É verdade que houbo e hai funcionarios, técnicos e autoridades españolas que discreparon e discrepan aínda hoxe desa decisión, pero son unha minoría e os seus criterios ou son pouco fundados ou analizan a situación co coñecemento actual e non cos limitadísimos datos de que se dispoñía no seu momento.

Incluso desde o punto de vista xurídico a cuestión dista de ser pacífica, porque a señora xuíza de Instrución fundamentou e decidiu o sobresemento das actuacións con respecto ao agora acusado e tivo que ser esta Audiencia Provincial a que decidise revogar aquela decisión e someter o acusado a xuízo, así que os criterios son dispares e enfrontados, e o Tribunal debe agora analizalos desde a perspectiva máis completa das probas practicadas no xuízo, co máximo respecto aos criterios doutras decisións xudiciais tomadas desde unha perspectiva necesariamente indiciaria.

Naturalmente, o acusado concernido, José Luis López-Sors González, quen asumiu a dirección dos traballos para evitar/paliar as consecuencias dos feitos e era ademais a autoridade marítima nacional competente desde un primeiro momento e quen tomou todas as decisións esenciais, sostivo o acerto e a licitude da súa decisión, consistente en que ordenou afastar o buque da costa para evitar o embarrancamento, a 120 millas de distancia, que é a marxe de autonomía dos helicópteros e a cobertura dos salvadores (sic) do buque.

Afirma tamén que cando o capitán Mangouras lastrou o buque puxo en perigo o propio barco, dado que este se encontrou endereitado pero roto interiormente, porque o lóxico e posible tería sido transvasar o fuel dentro do barco e corrixir así a escora.

Matiza que o señor Delegado do Goberno non interveu en ningunha decisión técnica nin noutras relevantes, que a asistencia técnica foi facilitada por TECNOSUB⁴³ ORSL, ITOPF⁴⁴ e CEDRE⁴⁵, que se contou co asesoramento de catro subdireccións xerais, do enxeñeiro David Alonso e dun xefe de prácticos, mariño de profesión, e que se sopesou a posibilidade de remolcar as dúas metades do buque se chegaba a romper, se ben a posibilidade de que se solidificase o fuel ao afundirse é certa ata

⁴³ Empresa de salvamento e mergullo.

